



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "A CALIDADE DO MEDIO MARIÑO LITORAL E O SEU EFECTO SOBRE O MARISQUEO. CALIMAR"

En Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2024

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Alfonso Villares Bermúdez, conselleiro do Mar, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG n.º 73 do 14 de abril de 2024), actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

PRIMEIRO

O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 as prioridades da Unión Europea para contribuír á aplicación da política pesqueira común e da política marítima da Unión; por outra banda, tamén sinala que o FEMPA contribuír á consecución dos obxectivos medioambientais e de mitigación do cambio climático e de adaptación a este da Unión. Neste sentido, no ámbito da pesca e do medio mariño, o FEMPA establece o seguinte obxectivo para o período 21-27: "Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños".

Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, en adiante a Rede, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.

Os obxectivos e tarefas do presente convenio foron propostos e aceptados na reunión ordinaria da Rede celebrada o día 30 de xullo de 2024, considerando a realización do proxecto presentado, aliñado coa finalidade da Rede, de interese para os seus participantes e para o sector pesqueiro en particular, así coma para o ben común e interese xeral.

SEGUNDO

Que a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación ("Lei da Ciencia"), no seu artigo 34.1, establece que os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídos as Universidades públicas, os Organismos Públicos de Investigación da Administración Xeral do Estado, os organismos de investigación doutras Administracións Públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo.

Así mesmo, devandito artigo 34.1 prevé que poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades: proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiamento de centros, institutos e unidades de investigación; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica e uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación. Particularmente, as letras a) e d) do artigo citado son aplicables ao presente convenio debido a que o obxecto do mesmo refírese a un proxecto de investigación científica, desenvolvemento e innovación, así como á formación de persoal científico- técnico.

TERCEIRO

Que a USC é unha entidade de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios, para a consecución dos seus fins e o desenvolvemento das súas funcións, que gozan de autonomía de acordo con o artigo 27.10 da Constitución Española e a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e que teñen como fins prioritarios o fomento da investigación e a innovación, así como a transferencia á sociedade. Para o cumprimento destes fins, esta universidade mantén relacións con centros de investigación e con institucións culturais e sociais e promoven a celebración de convenios de investigación e transferencia tecnolóxica e de coñecemento con entidades e organismos públicos e privados, así como traballos de carácter científico, técnico, artístico ou docente.

Que neste proxecto está implicado o Instituto de Investigación Aquatic One Health Research Center (iARCUS) da USC, que resulta da evolución e transformación do Instituto de Acuicultura e do Instituto de Investigacións en Análises Químicas e Biolóxicas, e que nace co obxectivo estratéxico



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

de desenvolver coñecemento de excelencia como base para o progreso e competencia no medio acuático, mariño e continental, dentro da estratexia dunha “Única Saúde Global (One Health)”.

A capacidade do persoal investigador do iARCUS implicado no proxecto CALIMAR contribúe directamente na consecución dos obxectivos do proxecto, destacando a súa especialización e coñecemento sobre:

- Bioquímica e Bioloxía Molecular do ciclo reprodutivo dos moluscos bivalvos e mellora da produtividade do cultivo dos bivalvos mariños. Uso de estratexias de transcriptómica para búsqueda de patóxenos de moluscos.
- Análise medioambiental, análise de alimentos, en especial no sector do viño e praguicidas. Exposición humana a contaminantes e sustancias de abuso, e análise de contaminantes químicos no medio acuático.
- Viroloxía en acuicultura e de animais acuáticos, desenvolvemento de técnicas de diagnóstico de virus, análise epidemiolóxica e a busca e caracterización de novos virus.
- Aplicación de técnicas de secuenciación NGS e bioinformática, realización de estudos metaxenómicos dirixidos a detección da presenza de calquera tipo de axente microbiano de risco potencial para a acuicultura.

CUARTO

Que a Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao que lle corresponden as competencias en materia de ordenación e fomento do sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e de transformación de produtos do mar no ámbito de Galicia, de conformidade co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución Española, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos da Comunidade Autónoma.

Que de acordo ao establecido no Decreto 50/2021, do 11 de marzo polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificado polo Decreto 149/2024, de 20 de maio, (DOG núm. 58, do 26 de marzo), corresponde a esta Consellería a investigación mariña e a coordinación, programación e execución de actividades de divulgación e transferencia tecnolóxica nas comunidades pesqueiras e litorais, así como a programación, supervisión, realización e difusión de publicacións e outro material científico e didáctico.

Que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, forma parte da Consellería do Mar de acordo o Decreto 50/2021, do 11 de marzo polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificado polo Decreto 149/2024, de 20 de maio (DOG núm. 58, do 26 de marzo). Segundo o disposto neste Decreto a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro exerce as funcións de ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación, protección e xestión sostible dos recursos marisqueiros, así como investigación mariña, que se desenvolve en coordinación coa Consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

Que o Servizo de Planificación, como órgano de apoio da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten atribuídas as competencias específicas indicadas no artigo 12.2.4.2 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (CM), entre as que se atopa a xestión de actuacións en

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

materia de estudo, avaliación ou seguimento dos recursos mariños naturais e da actividade pesqueira, marisqueira e da acuicultura.

QUINTO

A Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, como socio líder da proposta de investigación CALIMAR, desexan establecer unha colaboración para a realización dun proxecto para descubrir se a contaminación química e/ou microbiana pode estar implicada na caída da produción de moluscos bivalvos no litoral.

A USC levará a cabo as actividades recollidas na proposta presentada e aprobada “A calidade do medio mariño litoral e o seu efecto sobre o marisqueo. CALIMAR”, para acadar a finalidade do proxecto.

O 8 de abril de 2022 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan Galego de Investigación e Innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

O presente convenio alíñase co reto 1 da RIS3 de Galicia 2021-2027, que consiste en desenvolver un modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación, e coa prioridade 1 (Sostibilidade), en concreto co ámbito de priorización de mellora, preservación, xestión sostible e posta en valor da biodiversidade. Ademais, adecúase ao obxectivo estratéxico 1 (acadar un ecosistema máis aberto e integrado), integrándose polo tanto no programa Integra.

Ademais, ambas as partes entenden que a súa colaboración promove, dentro do ámbito da actividade pesqueira, un triplo obxectivo de sustentabilidade: ambiental, social e económico, en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (concretamente o Obxectivo 14), no marco da Axenda 2030 e do Pacto Verde Europeo.

SEXTO

Que para o desenvolvemento das funcións asumidas por cada unha das entidades participantes e xestionar da forma máis eficiente os fondos FEMPA asignados ás mesmas, así como regular as condicións e compromisos que correspondan a cada unha das partes, as persoas intervenientes conveñen en formalizar a tales efectos o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS



PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de descubrir se a contaminación química e/ou microbiana pode estar implicada na caída da produción de moluscos bivalvos no litoral. Para iso, desenvolverase un mapa espazo-temporal dos contaminantes químicos e axentes microbianos de risco coñecidos, así como doutros axentes emerxentes de potencial risco, sobre as poboacións marisqueiras, determinando se pode existir asociación entre a súa presenza e as caídas de produción en dúas rías e un total de cinco confrarías, preseleccionadas pola súa proximidade ou non a puntos de potencial risco.

As actuacións realizaranse en colaboración coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores, a Confraría de pescadores de Carreira e Aguiño, a Confraría de pescadores de A Pobra do Caramiñal, a Confraría de pescadores A Pastoriza (Vilanova de Arousa), a Confraría de pescadores San Martiño (O Grove) e a Confraría de pescadores San Cipriano de Aldán-Hío.

Este convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigacións das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

SEGUNDA.- TAREFAS A REALIZAR

No marco da colaboración das partes no presente convenio o estudo levarase a cabo en 4 fases, dúas en cada ano.

A primeira fase corresponde á mostraxe inicial e ás súas análises, que servirán para decidir se o procedemento está dando froitos, ou se se debe redeseñar algunha parte da estratexia. Ao final desta fase realizarase unha reunión con técnicos das confrarías para analizar os resultados e cotexar cos seus datos de produción en cada caso.

A segunda fase realizarase seguindo a mesma estrutura, ou aplicando as medidas correctoras decididas; esta fase corresponde a unha época do ano cunhas características meteorolóxicas distintas ás da primeira, polo que aportará nova información de relevancia. Ao final desta fase analizaranse os resultados novamente cos técnicos das confrarías e organizarase na sede da Federación de Confrarías una xuntanza de presentación dos resultados do primeiro ano e as súas implicacións de interese para o sector.

Nos seguintes 12 meses, o proceso repetirase de igual modo cun dobre obxectivo: primeiro, para saber se a estacionalidade ten algunha implicación de transcendencia que se repita no tempo, e segundo, para comprobar se os axentes contaminantes (químicos e microbianos) persisten no tempo, e a súa implicación.

Os resultados agardados son:

1. Descubrir que contaminantes químicos poden estar presentes nas áreas de cada confraría, e como evoluciona esa contaminación co tempo.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6) – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

2. Saber se nesas localizacións existen axentes microbianos (bacterias, parasitos e/ou virus) de risco coñecidos, e cal é o nivel de risco potencial, e como evoluciona co tempo.
3. Descubrir que axentes microbianos descoñecidos emerxentes poden estar presentes, como evolucionan ao longo do tempo e analizar cal pode ser o seu nivel de risco real.
4. Saber se existe unha relación entre a presenza destes contaminantes (químicos e microbianos) e episodios de mortalidade ou de caída de produción.
5. Estudar a posible orixe deses contaminantes, coa vista posta na posibilidade de aplicar medidas correctoras que reduzan ese tipo de contaminación que ameaza á produción.

Plan de difusión dos resultados:

1. Difusión, dentro de cada confraría, do proxecto, da actividade e dos resultados mediante cartelaría colocada en zonas de maior visibilidade para os socios da confraría.
2. Presentación dos resultados do proxecto, por parte do persoal técnico de cada confraría, nos eventos e reunións que realicen nas confrarías durante os dous anos do proxecto.
3. Difusión de resultados, en prensa e en todo tipo de medios, coa participación da Federación Galega de Confrarías (ao final do primeiro ano e do segundo).
4. Seminario de presentación de resultados, con participación de tódalas confrarías e a Consellería, e invitando aos medios de comunicación.
5. Notas de divulgación na web de ARCUS e na web da USC.
6. Notas de divulgación en IPac, MisPeces.com e na web da SEA.
7. Unha vez rematado o proxecto, farase un vídeo de divulgación para distribuír pola Consellería e a Federación Galega de Confrarías, e para colgalo na web de ARCUS e de REDEMAR.
8. Presentación no Congreso Nacional de Acuicultura, que previsiblemente se celebrará en Galicia en 2026 (ARCUS é coordinador, xunto co CIM da UVigo).
9. Presentación nos Foros dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas (ForoAcui) dos anos 2024, 2025 e 2026, en pósteres e relatorios invitados.
10. Presentación no Foro Iberoamericano de los Recursos Marinos y la Acuicultura (FIRMA), nos anos 2025, 2026 y 2027.
11. Publicacións científicas: polo menos dúas en revistas JCR e unha de divulgación Aquatechnica-Revista Iberoamericana de Acuicultura.

Actividades a realizar:

Actividade 1. MOSTRAXES	Resultados: Recollida de mostras de auga, sedimento e moluscos nas zonas definidas de cada confraría e transporte aos laboratorios da USC. Nº participantes: USC e confrarías de pescadores	
Actividade 2. ANÁLISES QUÍMICOS	2 (1) Pretratamento 2 (2) Análises químicos	Resultados: Determinación de contaminantes químicos nas zonas de mostraxe (2 rías).



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

	2 (3) Análise datos	Nº participantes: 6 USC
Actividade 3. ANÁLISES PATÓXENOS	3 (1) Bacteriolóxico 3 (2) Parasitolóxico 3 (3) Virolóxico	Resultados: Determinar os axentes patóxicos coñecidos nas zonas de mostraxes (2 rías). Nº participantes: 6 USC
Actividade 4. ANÁLISES AXENTES RISCO EMERXENTES	4 (1) Metaxenómica 4 (2) Metatranscriptónica 4 (3) Confirmación etiolóxica	Resultados: Determinar axentes de risco emerxentes nas zonas de mostraxes (2 rías). Nº participantes: 5 USC
Actividade 5. ANÁLISES RESULTADOS	Resultados: Reunións para a análise dos resultados das actividades, participan investigadores e persoal das confrarías. Nº participantes: 19 USC e 13 confrarías	
Actividade 6. DIFUSIÓN	6 (1) Seminarios 6 (2) Outros	Resultados: Organización de seminarios para a difusión dos resultados e outras estratexias de difusión. Nº participantes: 19 USC, confrarías e consellería

Cronograma de execución das actividades

ANUALIDADE	2024			2025												2026								
Actividade	M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12	M13	M14	M15	M16	M17	M18	M19	M20	M21	M22	M23	M24
1																								
2 (1)																								
2 (2)																								
2 (3)																								
3 (1)																								
3 (2)																								
3 (3)																								
4 (1)																								
4 (2)																								
4 (3)																								
5																								
6 (1)																								
6 (2)																								

TERCEIRA.- ENTREGABLES INDISPENSABLES PARA ENTENDER CUMPRIDOS OS OBXECTIVOS DESTE CONVENIO

- 1.- Informe dos resultados da primeira fase do estudo, no mes 12 despois do comezo do proxecto, para a súa análise polos técnicos das confrarías.
- 2.- Seminario de presentación a confrarías e Consellería dos resultados dos primeiros 12 meses do estudo.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

- 3.- Informe dos resultados dos resultados finais do estudo, no mes 24 despois do comezo do proxecto, para a súa análise polos técnicos das confrarías.
- 4.- Seminario de presentación a confrarías e Consellería das conclusións do estudo.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto do convenio as partes comprométense a realizar as actividades e tarefas mencionadas na cláusula segunda e a remitir os entregables indispensables mencionados na cláusula terceira.

Ao mesmo tempo as partes comprométense á realización das seguintes actuacións:

- Participar nas actividades colaborativas organizadas no marco do convenio.
- Entregarse mutuamente calquera información que sexa necesaria para o correcto desenvolvemento das diferentes actividades, feito, problema ou atraso que poida afectar adversamente ao desenvolvemento do convenio. Así mesmo, as partes proporcionarán sen demora toda a información que o mecanismo de seguimento requira razoablemente para levar a cabo as súas tarefas.
- Garantir a protección dos resultados da investigación e promover a difusión que, no seu caso, proceda.
- Dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado, con expresa mención á participación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, nos termos regulamentariamente establecidos.

Deberase recoñecer que a operación recibiu o apoio dos fondos, adoptando en todas as medidas de información e comunicación:

- a) O emblema da Unión Europea.
- b) Unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) que apoia a operación.
- c) O logotipo da Consellería do Mar.

- Someterse ás actuacións de verificación, así coma ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación cos fondos aplicados, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión e, de ser o caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e facilitar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas ou calquera outra instancia autonómica, estatal ou comunitaria de control, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control do destino dos fondos aplicados e facilitar a inspección
- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código de contabilidade apropiado que proporcione un rexistro de auditoría adecuado en relación con todos os gastos correspondentes aos investimentos realizados en virtude deste convenio, e conservar a documentación xustificativa relativa ao seu financiamento.
- Custodiar e conservar a documentación da actividade financiada polo FEMPA de conformidade co artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFP001 [Prioridade 1– OE1.6) – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

disposicións comúns, e o artigo 132 do Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.

Neste sentido, deberanse conservar os documentos xustificativos e demais documentación relativa ao financiamento durante un período de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se realizou o último pago.

- De acordo co Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, todas as entidades deberán aplicar e esixir medidas antifraude, así como cubrir as oportunas declaracións de ausencia de conflito de interese.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan constituír fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos da Unión Europea, como é o caso de este convenio, poderán poñelos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral de a Administración do Estado polos medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo dito servizo no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, que se pode consultar no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/ComunicacionSNCA06-04-2017Canaldenuncias.pdf>

Sen prexuízo disto, tamén poderá utilizar a ligazón de denuncias sobre irregularidades ou condutas fraudulentas que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención ao Cidadán (SIACI): <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

- Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.

QUINTA.- RÉXIME ECONÓMICO

A CM achegará á finalidade deste convenio a cantidade de 413.706,50 € (catrocentos trece mil setecentos seis euros e cincuenta céntimos) que se financiará con cargo á partida orzamentaria 46.03.723A.640.1 (código de proxecto 2024 141) dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Universidade de Santiago de Compostela, con cargo ao seguinte orzamento, realizará os gastos necesarios para o cumprimento das actuacións previstas neste convenio:

CONCEPTO	ANO 2024	ANO 2025	ANO 2026	TOTAL
PERSOAL	0,00 €	83.360,00 €	85.750,00 €	169.110,00 €
AXUDAS DE CUSTO DO PERSOAL	550,00 €	2.250,00 €	1.850,00 €	4.650,00 €
MATERIAL INVENTARIABLE	2.500,00 €	0,00 €	0,00 €	2.500,00 €
MATERIAL FUNXIBLE	24.215,00 €	94.095,00 €	68.680,00 €	186.990,00 €
SERVIZOS EXTERNOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
INSCRICIÓNS EN EVENTOS	150,00 €	1.050,00 €	1.050,00 €	2.250,00 €



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

ORGANIZACIÓN EVENTOS	0,00 €	9.220,00 €	8.470,00 €	17.690,00 €
ELABORACIÓN MATERIAL DIVULGACIÓN	550,00 €	2.150,00 €	2.450,00 €	5.150,00 €
CUSTOS INDIRECTOS (15% gastos persoal)	0,00 €	12.504,00 €	12.862,50 €	25.366,50 €
TOTAL	27.965,00 €	204.629,00 €	181.112,50 €	413.706,50 €

As cantidades indicadas faranse efectivas mediante transferencia bancaria na conta aberta a nome da Universidade de Santiago de Compostela que esta indique e certifique (indicando no concepto da transferencia o acrónimo ou código identificativo que acorden), e previa conformidade do ordenante do pago co cumprimento das actividades recollidas na cláusula segunda.

A dita conformidade realizarase unha vez completadas as actividades obxecto deste convenio e previa presentación á Consellería do Mar con data límite do 20 de novembro nas anualidades 2024 e 2025, e do 31 de agosto na anualidade 2026, da seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria de execución das actividades recollidas na cláusula segunda, con indicación detallada das actuacións realizadas, dos resultados obtidos e da porcentaxe de cumprimento de cada actividade.

Deberá incluír unha relación das persoas/entidades que participaron nas mesmas e unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas.

A memoria incluírá a acreditación da publicidade realizada.

2. Memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos. A memoria incluírá:

- Unha relación detallada de gastos e pagos realizados.
- Documentación acreditativa dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato PDF dos documentos orixinais.
- Documentación xustificativa do pago: copia de transferencias bancarias, certificados bancarios ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través de banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pago; o número e o monto total da factura pagada.

En dita xustificación permitirase un transvase de fondos entre conceptos de ata un 20%.

3. Relación detallada doutros ingresos ou axudas que financiasen a actividade obxecto da transferencia, con indicación da súa contía e procedencia (declaración de axudas solicitadas ou outorgadas para o mesmo proxecto ou para as mesmas partidas de gastos, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional).
4. Indicación do lugar e do órgano de custodia da documentación acreditativa orixinal.

Sen prexuízo da documentación sinalada nos puntos anteriores, poderá ser requirida a achega dos datos, documentos complementarios e aclaracións que sexan necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

En todo caso, a xustificación axustarase ás esixencias da normativa da Unión Europea e nacional relativa ao FEMPA.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

Procederase ao reintegro, total ou parcial, dos fondos recibidos e os intereses de demora devengados dende o momento do pago ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, en caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa obtención neste convenio.

SEXTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión mixta para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio que asegure o bo fin e cumprimento do mesmo.

Por parte da CM, serán membros: a Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e a persoa titular da xefatura do Servizo de Planificación.

Por parte da USC, serán membros: persoa titular da Vicerreitoría de Política Científica, María del Pilar Bermejo Barrera, e o responsable do proxecto, Carlos Pereira Dopazo.

A asistencia ás reunións que celebre a comisión terán carácter delegable en persoas pertencentes á mesma entidade da que delegue. Así mesmo, poderán asistir ás mesmas, con voz e sen voto, aquelas persoas que sexan requiridas en función da súa experiencia ou profesionalidade e por razón da materia concreta da que se vaia a tratar.

A comisión mixta de seguimento rexerase polo establecido para os órganos colexiados na sección III, capítulo I do título Primeiro da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA).

SÉTIMA.- PROPIEDAD DOS DATOS E DIFUSIÓN DOS RESULTADOS. USO DE SIGNOS DISTINTIVOS

A CM e a USC manterán confidencialidade sobre calquera información relativa aos resultados das actuacións realizadas ao amparo deste convenio, sempre que non sexan de dominio público, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente convenio.

A propiedade e utilización científica dos datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas no proxecto e os resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente pola CM e a USC. Unha vez executadas as investigacións descritas no convenio, comprométense a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos, así como a publicar conxuntamente os resultados da investigación obxecto do convenio.

Neste sentido, cando se realice calquera tipo de comunicación ou divulgación dos resultados, xa sexa parcial ou total, farase mención explícita ao feito de que os datos obtidos a partir das experiencias desenvoltas e os resultados das análises son froito do presente convenio. Ademais, deberán aparecer os signos distintivos das partes nos soportes utilizados para a divulgación dos resultados, tendo en conta que a denominación legal e social das partes, as súas marcas rexistradas, logotipos e calquera signo distintivo son propiedade exclusiva de cada unha delas.

Por iso, a USC autoriza á CM para que use o seu nome e/ou logotipo conforme á normativa de imaxe institucional aplicable, sempre que o uso que vaian realizar do mesmo se limite exclusivamente a indicar a relación establecida entre as institucións no presente convenio, polo tempo que esta dure, e non induza a confusión organizativa, comercial ou de aval científico entre

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX; D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

aquela parte e a USC nin o asocie a obxectivos ou actividades incompatibles cos principios e obxectivos da administración, e sen que en ningún caso se lles confira dereito algún de exclusividade, nin permita a súa apropiación, mediante rexistro ou calquera outro procedemento. Calquera outro tipo de uso ou dúbida razoable sobre a adecuación de uso ao expresado anteriormente requirirá a autorización previa e expresa por escrito da USC.

Igualmente, a CM autoriza á USC para o uso do seu nome e/ou logotipo en termos equivalentes aos descritos no parágrafo anterior.

En todos os documentos e medidas de información e comunicación recoñecerase o apoio dos fondos FEMPA mediante a inclusión do emblema da Unión, unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) que financia a actuación incluíndo a porcentaxe (70%) e o logotipo da Xunta de Galicia.

Durante a duración do convenio informarase do apoio dos fondos FEMPA mediante unha breve descrición da operación no sitio web e colocando un cartel con información sobre as actuacións realizadas (tamaño mínimo A3).

OITAVA.- PUBLICACIÓNS

Nas publicacións das actuacións do convenio deberán respectarse os dereitos dos membros do equipo de investigación, en especial o dereito para ser designados como inventores ou autores.

Cando unha das partes desexa utilizar, en parte ou na súa totalidade, dita información para a súa publicación como artigo, conferencia ou outro formato, deberá solicitar a conformidade á outra parte por escrito que, á súa vez, deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días. Transcorrido o devandito prazo sen obter resposta, considerarase que a parte correspondente autoriza a utilización da devandita información.

As publicacións deberán recoñecer e facer constar a participación de todos os investigadores que interviñeron, así como a súa pertenza ás institucións das cales dependan. En calquera dos casos de difusión, farase sempre especial referencia ao organismo financiador.

No suposto de resultados susceptibles de protección, así como de explotación, as partes, nun prazo máximo de tres (3) meses a partir da súa obtención, comprométense a subscribir un documento no que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade industrial e as condicións da súa explotación.

En calquera caso, ambas as entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a execución do convenio en actividades propias da súa función investigadora.

NOVENA.- MODIFICACIÓN

As partes poderán modificar por acordo mutuo os termos do presente convenio, debendo quedar reflectido por escrito a través da subscripción dunha addenda dentro do período de vixencia do mesmo.

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX; D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

DÉCIMA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO E CONSECUCIÓNS EN CASO DE INCUMPRIMENTO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causa de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

En caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a parte afectada convocará á comisión mixta de seguimento establecida na cláusula sexta a efectos da adopción das medidas necesarias para o seu cumprimento.

Se tras a actuación da comisión mixta de seguimento persistise o incumprimento, a parte afectada poderá entender extinguido o convenio e esixir á incumplidora a indemnización por danos e prexuízos que legalmente lle corresponda.

Cando concorra algunha causa de resolución do convenio, se existen actuacións en curso de execución, poderase acordar, a proposta da comisión de seguimento, a continuación e finalización destas nun prazo improrrogable, transcorrido o cal o convenio deberá liquidarse. O devandito prazo será fixado polas partes cando se resolva o convenio, de conformidade co previsto no artigo 52.3 da Lei de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

UNDÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

Este convenio ten carácter administrativo, rexerase polas súas propias cláusulas e polo réxime xurídico en materia de convenios previsto no capítulo VI do título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais normas de dereito administrativo.

As partes acordan que calquera diverxencia, discrepancia ou controversia que puidesen xurdir relativas á interpretación ou execución do presente convenio, que non poida resolverse pola comisión mixta de seguimento indicada na cláusula sexta, será sometida aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

DUODÉCIMA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

A vixencia do convenio comezará a contarse desde a súa sinatura e finalizará o 30 de setembro de 2026.

Este convenio será obxecto de publicación segundo o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da Administración galega.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS

As partes asinantes comprométense a tratar os datos de carácter persoal a que, no seu caso, teñan acceso ou sexan obxecto de cesión no marco de aplicación do presente convenio, de conformidade co que dispón o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos.

E, en proba de conformidade, as partes subscriben o presente convenio, constando como data do mesmo a correspondente á última sinatura realizada.

Pola Consellería do Mar

Alfonso Villares Bermúdez

Conselleiro do Mar

Pola Universidade de Santiago de Compostela

María del Pilar Bermejo Barrera

Vicerreitora de Política Científica da
Universidade de Santiago de Compostela

P.D. R.R. de 26/09/2023, DOG 05/10/2023